

1. Accións de contribución ao proxecto lector

Actuacións previstas

✚ Dentro da sesión, según o bloque de contidos a desenvolver aportaráselle ó alumnado a información teórica correspondente. Esta poderá ser lida na primeira parte da clase como introducción e fundamentación dos contidos prácticos ou ben na parte de volta a calma para a consolidación das aprendizaxes.

✚ Os textos aportados faran referencia aos seguintes bloques:

- Bloque 1. Contidos comúns.
- Bloque 2. Actividades físicas artístico-expresivas.
- Bloque 3. Actividade física e saúde.
- Bloque 4. Os xogos e as actividades deportivas.

✚ Revisión dos fondos bibliográficos para a proposta de lecturas, tanto obrigatorias coma optativas.

✚ Dotación de libros para uso no ximnasio, durante as sesións prácticas, co obxectivo de fomentar a autonomía no aprendizaxe buscando información.

“Elabora un plan de entrenamiento...”, “Crea unha composición con figuras de acrosport, ...

✚ “Expresar co corpo o que entendemos lendo”.

- En grupos de traballo han de escoller un libro, elaborar un guión e representalo co movemento do corpo.
- Mentras alguen do alumnado está lendo un texto os demais terán que ir representando ou expresando o que o texto lles transmite.

✚ Dentro das actividades previstas a realizar no medio natural:

- Lectura de mapas topográficos (de diferentes escalas, urbanos, de parques, de bosque,...)
- Realización de actividades de orientación, nas que haxa que responder a diferentes cuestións que atoparan nos puntos de control do percorrido.
- Percorridos de orientación, nos que teñan que resolver enigmas, coa axuda de enciclopedias, dicionarios, etc.

✚ Aportaranse artigos de temas de actualidade, relacionados coa actividade física. (Eventos deportivos, saúde...)

A temporalización aparece reflexada na distribución de contidos o longo do curso, na secuencialización das unidades didácticas.

